



Circular 18/2003 pola que se dictan instrucións para a aplicación da Orde do 19 de maio de 2003 ó alumnado que repita 2º de bacharelato completo

A Orde do 19 de maio de 2003, pola que se determinan os currículos e estrutura do bacharelato sobre os que versarán as probas de acceso á universidade a partir do ano académico 2003-2004 (DOG do 28), establece no seu artigo 1º que o alumnado que repita segundo curso completo preparará as diferentes materias axustándose á estrutura do bacharelato establecida na Orde do 4 de xullo de 2002 (DOG do 29 de xullo).

A aplicación da citada Orde do 19 de maio de 2003 implica cambios nas materias que debe cursa-lo alumnado procedente da derogada estrutura do bacharelato establecida pola Orde do 18 de maio de 2000 (DOG do 1 de xuño), así como cambios na denominación dalgunhas materias.

A Orde do 1 de marzo de 1995, pola que se regula a avaliación e a cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan o bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (DOG do 9 de maio), establece no apartado 5 do seu artigo 5º que a avaliación final naquelas materias que se imparten con idéntica denominación en ámbolos dous cursos estará supeditada á cualificación positiva da materia cursada no primeiro curso.

A finalidade da presente circular é precisa-la aplicación conxunta da obriga de cambio de estrutura do bacharelato coa normativa vixente de avaliación, evitando interpretacións que poidan causar prexuízos ó alumnado que repita segundo curso procedendo da anterior estrutura do bacharelato.

En consecuencia, en virtude das disposicións derradeira primeira das Ordes do 1 de marzo de 1995 e do 19 de maio de 2003, esta dirección xeral

DISPÓN

Primeiro

Con carácter xeral, o alumnado que repita completo o 2º de bacharelato, procedendo da estrutura establecida para ese curso pola Orde do 18 de maio de 2000 (DOG do 1 de xuño),



deberá cursar, ademais da Filosofía II, as mesmas materias comúns e propias de modalidade que cursara con anterioridade, tendo en conta que:

1. As materias de segundo de bacharelato comúns e propias de modalidade que figuran no anexo I da Orde do 18 de maio de 2000 (DOG do 1 de xuño) corresponderanse coas que figuran co mesmo nome ou coa denominación II no anexo I da Orde do 4 de xullo de 2002 (DOG do 29 de xullo).
2. No caso do alumnado das modalidades de Tecnoloxía e de Ciencias da Natureza e da Saúde que, por ter cursado Debuxo técnico no segundo de bacharelato, deba segui-la materia Debuxo técnico II, non será necesario cursa-lo Debuxo técnico I, por non formar parte na estrutura derogada das materias de primeiro curso propias desas modalidades.
3. No caso da extinta materia de Historia da filosofía, deberase cursar Grego II ou Historia da música, a elección do alumno.

Segundo

En relación ás materias optativas, o citado alumnado deberá cursar unha, sendo de aplicación o disposto no punto 3 do artigo 6º da Orde do 4 de xullo de 2002.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2003
O Director Xeral de Centros e Ordenación Educativa

Alberto González Armesto